



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Adquisición de bens a título oneroso por concurso finca para aparcadoiro provisional do novo centro de saúde

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2025/C006/000001

Por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do concurso para a adquisición obxecto do contrato a adquisición dun ben, finca para aparcadoiro provisional do novo centro de Saúde conforme aos seguintes datos:

1. Obxecto do concurso: Adquisición dun ben coas seguintes características:

Constitúe o obxecto do contrato a adquisición dun ben, finca para aparcadoiro provisional do novo centro de Saúde que teña as seguintes características:

☐ Estar a unha distancia inferior a 60 m ao centro de saúde medidos desde calquera dos seus lindeiros ata calquera das fachadas da devandita instalación.

☐ A finca deberá lindar, polo menos nun dos seus lindeiros, con outra u outras parcelas de titularidade municipal, co obxectivo de facilitar a integración da mesma nun posible proxecto de uso público futuro, ampliando así as opcións de aproveitamento urbanístico ou dotacional conxunto.

☐ Ter unha superficie de entre 600 e 800 m².

☐ Clasificación urbanística: Para facilitar a integración da mesma nun posible proxecto de uso público futuro, a clasificación do solo deberá ser SOLO URBANO

2. As ofertas presentaranse no Concello con domicilio no lugar de San Marcos nº 1- 15318 Abegondo, en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia.

As proposicións poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. O prego de condicións atópase a disposición das persoas interesadas na Plataforma de Contratación do Estado

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=m2a4%2FXzO3dyP66GS%2BONYvQ%3D%3D

Abegondo 4 de xullo de 2025

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2025/4498